

LÓXICA I
EXERCICIOS
FORMALIZACIÓN DE ARGUMENTOS

- 1.- Nos polos o frío é intenso se os planetas xiran en torno ao sol.

- 2.- Sempre cos herbívoros ou o frío é intenso nos polos, os planetas xiran en torno ao sol.

- 3.- Xoan é francés se naceu o 23 de febreiro. Se é bretón entón é baixo. Pero naceu o 23 de febreiro ou é bretón. Por conseguinte, é francés ou é baixo.

- 4.- Se é certo que Aristóteles naceu en Estaxiria e que foi o titor de Alexandre Magno, e a maiores, que se naceu en Estaxiria era macedonio polo seu nacemento. Entón era efectivamente macedonio.

5.- Un só proveedor non pode afectar os prezos se o mercado é libre. Se un só proveedor non pode afectar os prezos, é que hai un gran número de provedores. Pero non hai un gran número de provedores; entón non é libre o mercado.

6.- Se **a** é un número par e **b** é un número impar, entón **c** é igual a **a**. Agora ben **c** non é igual a **a**, a menos que sexa maior que **b**. Pero **c** non é maior que **b**. A maiores **a** é un número par. Logo **b** non é un número impar.

7.- Se souben os prezos ou os salarios haberá inflación. Se hai inflación o goberno ten que regulala ou o pobo padecerá. Se o pobo padece, os gobernantes vanse facer mais impopulares. Pero é co goberno non regulará a inflación e que, con todo, os gobernantes non se farán máis impopulares. Entón é que non subirán os salarios.

8.- Se non hai subsidios do goberno para a agricultura hai control sobre a agricultura. Se hai control sobre a agricultura non hai depresión. Haberá depresión a non ser que haia sobreproducción agrícola. Agora ben, non hai sobreproducción. Polo tanto, hai subsidios do goberno para a agricultura.

9.- En caso de que eles queiran a paz de verdade e que nós sexamos superiores en armamento, obstaculizaremos a conferencia de desarme. Haberá guerra a non ser que deixemos de obstaculizala. E a haberá só se eles non desexan verdadeiramente a paz. Logo é claro que eles non desexan a paz de verdade.

10.- Os salarios non souben se non aumentan os prezos. Non obstante subirán os salarios e non os prezos, a non ser que suban os salarios e simultaneamente se produza inflación. Logo, en calquera caso, vaise producir inflación.

11.- Se o tempo é mordo e o ceo está despexado, sairemos navegar e mergullarémonos no mar. Non é verdade co ceo estea despexado a menos que nos mergullemos no mar. Logo a tempo non é morno.

12.- O ladrón debeu entrar pola porta, a menos co roubo perpetrárase dende dentro e un dos serventes estivera implicado nel. Pero só podería entrar pola porta se alguén descorrese a pechadura. Se alguén fíxoo, é cun dos serventes estaba implicado no roubo. Logo, seguro que algún servinte estaba implicado no roubo.

